APROBACIÓN DO REGULAMENTO ELECTORAL PARA A ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA. PROCESO ELECTORAL 2026.

ANTECEDENTES

Primeiro. A Federación Galega de Salvamento e Socorrismo de Galicia aprobou na súa Asemblea Xeral Extraordinaria do 5 de xuño de 2026 o regulamento electoral para a elección de membros á Asemblea Xeral, á Presidencia e á Comisión Delegada da federación e o calendario electoral estimado do proceso electoral que terá lugar este ano para elixir aos seus representantes do período 2026-2029.

Segundo. O 8 de xuño de 2026 a Federación Galega de Salvamento e Socorrismo de Galicia remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o devandito regulamento electoral xunto coa acta da Asemblea e unha proposta de calendario electoral no que se indican as datas estimadas de inicio e remate do proceso electoral.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Segundo o disposto no artigo 17.3 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro, a Secretaría Xeral para o Deporte resolverá, no prazo máximo dun mes, desde a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a súa aprobación ou a súa devolución para a emenda daquelas normas do regulamento que non se axusten ao disposto no presente decreto. Neste último suposto, indicaranse estas e concederanse dez días hábiles para proceder á dita emenda. Transcorrido un mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite ningunha resolución entenderase aprobado o regulamento.

2. O artigo 17.4. de dito Decreto establece que realizadas as modificacións, o novo regulamento remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación definitiva.

3. A resolución aprobatoria do regulamento electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte esgotará a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

De conformidade con todo o indicado, este Secretario Xeral

Resolve:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: RROZJULJCOI4 https://sede.xunta.gal/cve

Aprobar o regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Salvamento e Socorrismo de Galicia e o seu calendario electoral, aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria do 5 de xuño de 2026, e que se achegan visados xunto a esta resolución.

En ningún caso poderase impugnar ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva o contido do regulamento.

A convocatoria das eleccións, xunto coa documentación do artigo 15.4 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, se comunicará á Secretaría Xeral para o Deporte xunto coa certificación da secretaría da Federación Galega de Salvamento e Socorrismo de Galicia, no prazo de dous días hábiles desde a súa publicación.

Lembráselle que durante todo o proceso electoral debe estar a documentación na paxina web da federación na sección "Eleccións 2026" na que deberá figurar tamén as actas da xunta electoral e cantos documentos electorais aprobe a Comisión Xestora. O regulamento e calendario que se exporán serán unicamente os selados por esta Secretaría Xeral.

A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral para o Deporte.
Roberto García Fernández

Asinado por: ROBERTO GARCIA FERNANDEZ
Cargo: Secretario Xeral para o Deporte
Data e hora: 16/06/2026 14:58:02

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: RR0ZJULJCOI4 https://sede.xunta.gal/cve